

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	BETANZOS
Edificio	San Martiño de Bravío
Dirección	15319
	43.266431 -8.199796
Protección	
Descrición	<p>Igrexa típica do estilo rural galego. Atribúeselle unha cronoloxía do século XII a todo o conxunto (menos a fachada, posterior) aínda que hai referencias textuais da súa existencia xa no Século X.</p> <p>Edificio sinxelo, dunha soa nave cuberta de bóveda de canón, arcos apuntados e ábsida rectangular. a súa fábrica é de sillería de granito.</p> <p>A súa portada é de dobre arco apuntado. Na parte inferior do timpano, que é liso, vense restos dunha inscrición ilexible, sobre dúas mochetas coa representación do bon pastor. Sobre a ventá de aristas rebaixada ten unha espadaña de dous vanos, que coroa a fachada frontal.</p> <p>Na fachada lateral dereita ten dous estribos e dous canecillos xeométricos. Tiña tamén un corpo adosado que foi eliminado na última restauración. Na cabeceira ten dous estribos e canecillos de rolo.</p> <p>Na fachada lateral esquerda volve a presentar dous estribos e canecillos con figuras humanas.</p> <p>No interior destaca o arco de entrada ao presbiterio, de medio punto dobre, con decoración de billetes entre as dúas ringleiras de dovelas. Apoyase o arco en dúas columnas adosadas, de capiteis con follas de acanto rematadas en bocas, e entre o capitel e o fuste, un sogueado.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	4
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	Patrimoniogalego.net (ABELLA, David)
Data	17-09-2011

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	Campá menor	LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)	1896	55	96
Espadana	Campá maior	LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)	1896	65	159

Información completa: [San Martiño de Bravío - BETANZOS \(GALICIA\)](#)

PDF (13-03-2026)